



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Deseño / Prácticas de Escenografía
DISCIPLINA	Iluminación III
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Escenografía
ITINERARIO	
CURSO	3º
CRÉDITOS ECTS	5 (2+3)
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Escenografía
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADORA	Alejandra Montemayor Suárez
DOCENTES	Nome e apelidos: Alejandra Montemayor Suárez Horario titorías: Ver en www.esadgalicia.com Contacto: alejandra.montemayor@edu.xunta.gal
DESCRIPCIÓN	Cofecemento dos principios formais do linguaxe da iluminación. A dramaturxia da luz. Fundamentos do deseño de iluminación e a súa aplicación práctica. Cofecemento e experimentación do método de traballo.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Aconsellanse os acadados nas materias de Iluminación I, Iluminación II, Deseño Asistido por Ordenador I e II e as materias de Espazo Escénico.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	



X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE

EE1	Concibir as ideas e propostas que fundamentan a creación do deseño, explorando a dinámica do espazo, do corpo e da luz, valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
EE2	Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos e de representación.
EE5	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Comprender, valorar e desenvolver os obxectivos dun deseño de iluminación salientando a diferenza entre iluminar e alumear.	T2, T3, X1, X5, EE1.
2. Entender a importancia da coherencia estética na globalidade do proxecto de deseño de iluminación.	T2, T3, T13, EE1.
3. Recoñecer a luz como posuidora dunha dramaturxia propia.	T2, T3, X1, EE1.
4. Aprender analizar a iluminación en diferentes eidos tales como o teatro, a pintura, o cinema, a arquitectura e ser quen de valorar os puntos transversais a todos eles que poden enriquecer un deseño de iluminación.	T2, T8, X1, X6, EE1, EE5.
5. Ser quen de xerar diferentes ambientacións a través da iluminación a partires dunha idea determinada.	T2, T3, X5, EE1.
6. Entender a luz como un elemento máis do espazo escénico que cómpre ter en conta dende o inicio e na globalidade no proceso de deseño dun espectáculo.	T1, T2, T3, T7, EE2.
7. Saber transmitir a idea que se ten das diferentes ambientacións que se pretender xerar por medio de documentación gráfica.	T6, T7, T8.
8. Ser quen de aproveitar a iluminación para optimizar o volume dos corpos, a tridimensionalidade do espazo e xerar diferentes ambientacións partindo dunha mesma escenografía	T1, T2, T3, X5, EE1, EE2.



9. Ser quen de adaptar unha metodoloxía de traballo axeitada para cada proxecto.	T1, T2, T3, T6, T8, T13, X1, X3, X6, EE1, EE2, EE5.
--	---

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. O deseñador de iluminación	1. A figura do deseñador de iluminación. 1.1. Os diferentes eidos de traballo do <i>Lighting Designer</i> . 1.2. As competencias do iluminador no eido teatral.	1
2. Achegamento aos obxectivos do deseño de iluminación.	1. As pretensións do deseño de iluminación. 1.1. A xeración da ambientación axeitada para cada montaxe. 1.2. A composición do espazo. 1.3. A influencia sobre as emocións do espectador. 1.4. Dirixir a mirada do espectador. 1.5. O modelado dos corpos e os obxectos.	4
3. A estética do deseño.	1. A importancia da coherencia estética da luz ao longo de toda a representación. 2. As diferentes estéticas nas que basear o proxecto de iluminación 2.1. A luz narrativa, realista e impresionista. 2.2. A luz expresionista. 2.3. A luz como concepto. 3. Outras estéticas da luz. 4. A mestura entre varias estéticas.	8
4. A dramaturxia da luz.	1. Mestres e mestras da luz. 2. O discurso narrativo propio da luz. 2.1. A diferenza entre iluminar e alumear. 2.2. A luz narradora de historias. 2.3. A luz como medio de expresión. 2.4. A luz e a sombra como elementos dramáticos. 2.5. A dramaturxia da luz en relación có resto das dramaturxias do espazo escénico. 2. A luz en diferentes eidos. 2.1. O que conta ou expresa a luz no teatro, na pintura, no cinema e na arquitectura	7
5. Achegamento ao primeiros pasos no proceso de deseño.	1. Aspectos a ter en conta dende a primeira lectura. 2. A documentación gráfica precisa: a procura dos referentes visuais. 3. Achegamento á elección da estética da luz. 4. A visión global da montaxe. 3.1. A adecuación entre o traballo da persoa encargada da dirección, da escenografía e do vestiario. 3.2. A luz compoñedora do espazo escénico. 3.3. A influencia da luz sobre a escenografía e o vestiario.	6
6. O que pensan algúns iluminadores da luz.	6.1. Lectura de textos senlleiros e entrevistas, e análise do traballo de especialistas en iluminación en diferentes eidos e épocas.	4
TOTAL SESIÓNS		30



5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Exposición maxistral	12	4	16
Exposición práctico-teórica	7	8	15
Práctica individual	16	16	32
Práctica colectiva	15	12	27
Titorías individuais	4		4
Actividades de avaliación. Probas	36	20	56
TOTAL	90	60	150
PORCENTAXE	60%	40%	

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Descrición	Descrición

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Titoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inxerencias que xurdan en cada caso. <i>Titoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

8. 1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
-------------------------	------------------------	-------------



Realización das prácticas pertinentes así como das memorias correspondentes a cada unha delas	T1, T2, T3, T6, T8, T13, X1, X3, X5, X6, EE1, EE2, EE5	80%
Asistencia regular á clase, puntualidade, participación, interese...	T7, T13	20%

Nota: o 10% de faltas de asistencia a clase suporá a perda da avaliación continua.

As partes específicas de cada práctica así como a súa porcentaxe sobre a puntuación final son as seguintes:

PRIMEIRA PRÁCTICA: Análise técnico para xerar unha ambientación determinada.

– Parte práctica: Partindo dunha imaxe aportada pola profesora, executarase no teatro o esquema de iluminación de dita imaxe. O día da práctica o alumnado deberá traer a clase os elementos escenográficos precisos así como un plano de luces inicial en formato mínimo A4; este será individual e se porá en común co resto da clase. Se lle entregará á profesora tanto este plano coma outro coas variacións finais.

– Ponderación: 20% + 10% da nota de prácticas.

** Nota: a montaxe de cada proposta realizarase de xeito colectivo; cada persoa que participar activamente na mesma, valorandose o nivel de implicación e resolución das montaxes alleas co 10% da nota asignada na ponderación.

SEGUNDA PRÁCTICA: Achegamento á definición estética, composición do escenario, modelado de corpos e obxectos.

– Parte práctica: Partindo dun fragmento dun texto acordado entre cada persoa do alumnado e a profesora, executarase no escenario a iluminación pensada para dito fragmento, na que deberá haber ao menos cinco cambios de iluminación levados a cabo na mesa de luces **de xeito individual**. Cada persoa participará nas montaxes alleas o día da práctica. Este día o alumnado deberá levar os elementos escenográficos e/o vestuario preciso así como unha copia do plano de luces inicial para cada persoa da clase.

– Parte teórica: nela aplicaranse os coñecementos acadados nos contidos desta guía docente. Constará dunha pequena memoria cuxas partes serán as seguintes:

1. Breve análise do texto e visión persoal do mesmo.
2. Explicación de la estética elixida, intereses persoais, relación co texto. etc.
3. Referentes visuais.
4. Story board en pranta cós cambios.
5. Explicación do por que da elección dos obxectos e/o vestuario elixidos (relacionando as súas características coa luz). Reflexión sobre a relación entre os obxectos, a luz e a composición do espazo.
6. Plano de luces inicial e plano coas modificacións feitas trala práctica. Formato A3 e en CAD.
7. Dificultades atopadas e reflexión persoal sobre o traballo.

– Ponderación: 60% + 10% da nota de prácticas*

– *Nota: A montaxe de cada proposta farase de xeito colectivo; cada persoa ten que participar activamente no mesmo, valorandose o nivel de implicación e resolución nas montaxes alleas co 10% da nota asignada na ponderación.

– *Nota 2: do 60% desta nota, o 40% corresponderá á parte práctica e o 20% ao traballo teórico.

—*Nota 3: o traballo poderá ser entregado en formato dixital, excepto o plano que se deberá entregar impreso.

Nota 1: Para aprobar a materia todas as partes prácticas deberán ser superadas.

Nota 2: As memorias das prácticas poderán ser axustadas en caso necesario para concretar determinados aspectos se houbera lugar a iso, segundo as características individuais de cada proposta, no caso de seren considerado recomendable pola profesora.

Nota 3: Recomendase a asistencia a tutoría.

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
-------------------------	------------------------	-------------



Exercicio baseado na práctica 1: a profesora proporá unha imaxe da que a persoa que se examine deberá extraer o esquema de iluminación, así como executalo.	T1, T2, T3, T6, T7, T8, T13, X1, X3, X5, X6, EE1, EE2, EE5	35%
Realización dunha práctica e un traballo escrito que conste das mesmas partes ca práctica 2.	T1, T2, T3, T6, T7, T8, T13, X1, X3, X5, X6, EE1, EE2, EE5	65%

Nota 1: A persoa que se atope nesta situación deberá poñerse en contacto coa profesora con ao menos seis semanas antes da avaliación extraordinaria.

Nota 2: Para superar a materia deberán ser aprobados todos os exercicios.

Nota 3: A profesora deberá poder revisar o traballo antes da entrega ao menos en dúas ocasións.

Nota 4: É necesaria a asistencia a titorías.

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Exercicio baseado na práctica 1: a profesora proporá unha imaxe da que a persoa que se examine deberá extraer o esquema de iluminación, así como executalo.	T1, T2, T3, T6, T7, T8, T13, X1, X3, X5, X6, EE1, EE2, EE5	35%
Realización dunha práctica e un traballo escrito que conste das mesmas partes ca práctica 2.	T1, T2, T3, T6, T7, T8, T13, X1, X3, X5, X6, EE1, EE2, EE5	65%

Nota 1: A persoa que se atope nesta situación deberá poñerse en contacto coa profesora con ao menos seis semanas antes da avaliación extraordinaria.

Nota 2: Para superar a materia deberán ser aprobados todos os exercicios.

Nota 3: A profesora deberá poder revisar o traballo antes da entrega ao menos en dúas ocasións.

Nota 4: É necesaria a asistencia a titorías.

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS

APPIA, ADOLPHE (2000): *La música y la puesta en escena*. Asociación de Directores de Escena, Madrid.

ARNHEIM, R (2002): *Arte y percepción visual*, Alianza Editorial, Madrid (1998): *El pensamiento visual*, Ediciones Paidós Iberica, S.A, Barcelona

DONDIS, Donis A. (2002): *La sintaxis de la imagen*, Ed. Gustavo Gili, Barcelona

DREYER, KEVIN (2020): *Dance and light. The partnership between choreography and lighting design*. Ed. Routledge. Nueva York.

GRAHAM, KATHERINE JOY (2018): *Scenographic Light: Towards an Understanding of Expressive Light in Performance. PhD thesis, University of Leeds*.

SÁNCHEZ, JOSÉ ANTONIO (2005): *Dramaturgias de la imagen*. Universidad de Castilla la Mancha.

TAYLOR, CLIFTON (2019): *Color and light*. Ed. QSM. Los Angeles.

VV.AA. (2020): *La luz, melodía del arte escénico*. Academia de las Artes Escénicas de España. Madrid.



REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

- CHAVARRÍA, JAVIER (2002): *Artistas de lo inmaterial*. Ed. Nerea. Hondarribia.
- FISCHER, JOACHIM (2009): *Light*. Ed. H.F. Ullmann. Architecture Compact.
- HELLER, EVA (2004): *Psicología del color. Cómo actúan los colores sobre los sentimientos y la razón*. Ed. Gustavo Gili, Barcelona.
- KALTENBACH, FRANK (2007): *Materiales translúcidos. Vidrio. Plástico. Metal*. Ed. Gustavo Gili. Detail Praxis. Barcelona.
- KELLER, MAX (1999): *Light fantastic (Licht fantastic)*.
- PRESTEL, München KUEPPERS, Harald (1985): *Fundamentos de la teoría de los colores*, Ed. Gustavo Gili, Barcelona
- MAAK, TIM HENRIK y PAWLIK, KAY (2011): *Un discurso de la luz*. Ed. Erco. Alemania.
- MC CANDLESS, STANLEY (1958): *A Method of Lighting the Stage*. Ed: Theatre Arts Books. New York.
- MOREY, MIGUEL y PARDO, CARMEN (2003): *Robert Wilson*. Ed. Polígrafa. Barcelona.
- PARE, RICHARD (2003): *Tadao Ando: los colores de la luz*. Phaidon Press Limited. Londres.
- PLUMMER, HENRY (2009): *La arquitectura de la luz natural*. Ed. Blume. Barcelona.
- SVOBODA, JOSEF (1993): *The Secreto of Theatrical Space*. Ed. Applause Theater Books Publisher. New York.
- TORNQUIST, JORRIT: (2008): *Color y luz, Teoría y Práctica*. Ed. Gustavo Gili. Barcelona.
- TURRELL, JAMES (2006): *A life in light*. Louise T. Blouin Institute. VV.AA. (2007): *Arquitectura efímera*. IJB Ediciones. Barcelona. VV.AA. (2009): *By Night: Arquitectura y luz*. Editorial Reditar. Barcelona. VV.AA. (2004): *James Turrell*. Generalitat Valenciana.
- WILSON, ROBERT (2001): *Composición, luz y color en el teatro*. Ed. Lunweg. Barcelona.

10. OBSERVACIONES / RECOMENDACIONES

- Para unha realización segura das prácticas no teatro, será preciso asistir ás clases prácticas cun calzado axeitado con sola de goma. Non se poderá asistir ás clases prácticas con sandalias ou calzado similar nin con tacóns.
- Está prohibido acudir a clase tendo consumido alcohol ou calquera tipo de sustancias estupefacientes.
- Atención á diversidade: ao tratarse dunha materia cunha gran carga práctica, valorarase cada posible situación de xeito particular para garantir unha resposta ás necesidades temporais ou permanentes de todo o alumnado.
- Esta disciplina precisa desenvolver as súas prácticas na Sala Pedra Seixa.
- O traballo escrito deberá axustarse á normativa APA.